

10 PREGUNTAS HABITUAIS SOBRE A REALIZACIÓN DE EXAMES

1. Onde podo consultar o calendario de exames?

Podes facelo a través da páxina web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > calendario de exames). Tamén podes consultar a web da UNED (www.uned.es). Y lembra que as datas de exames previstas ao comezo do curso poden (moi excepcionalmente) variar, polo que é recomendable que confirmes o calendario de exames antes de cada convocatoria.

2. Podo realizar o meu examen un Centro Asociado distinto daquel no que estou matriculado?

Sí. Como alumno da UNED tes dereito a presentarte en calquera Centro Asociado da nosa Universidade. Para facelo debes contactar, p. ex., mediante correo electrónico, co Centro onde desexes examinarte.

LEMBRA: na aula de Ferrol non se realizan exames.

3. Que son os exames de reserva e como os pido?

LEMBRA: hai exames de reserva só naquelas convocatorias nas que hai unha única semana de exámenes (setembro para titulacións universitarias, e maio e setembro para o CAD e o CUID). Aos exames de reserva teñen dereito automaticamente aqueles alumnos aos que lles coincidan dous ou máis asignaturas materias no mesmo día e hora; non obstante, deben solicitálo ao tribunal no mesmo momento en que entreguen o exercicio que lles dá dereito a ela.

Excepcionalmente, o Presidente do Tribunal pode valorar a solicitude de reserva realizada por alumnos nos que concorran causas extraordinarias, que deberán acreditarse antes da data do devandito exame.

Podes conseguir o impreso de solicitude de reserva na páxina web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > Solicitude de exames de reserva) ou no servizo de Secretaría.

4. Que documentación debo levar aos exames?

Debes traer o teu documento de identidade (DNI, pasaporte) e o teu carné de estudante da UNED. E lembra que é recomendable presentarse no Centro polo menos con 15 minutos de antelación respecto da hora establecida para o exame.

5. Que pasa se chego tarde ao exame?

Podes entrar á aula de exames para realizalo sempre que chegues dentro da media hora inmediatamente seguinte ao comezo deste. A partir desa media hora non é posible a emisión do exame. E lembra que, se chegas tarde, non por iso se altera a hora de entrega prevista.

No caso de que a entrada ao exame se produza tarde por causas imputables ao Centro (problemas técnicos, grande afluencia de alumnos, etc.), o estudante sempre manterá o dereito ao tempo de realización de exame estipulado.

6. Como sei o meu tipo de exame?

A **guía de cada materia** proporciónache información detallada sobre o exame: tipo (test, desenvolvemento, preguntas breves...), duración deste (unha hora, hora e media, dúas horas), modo de cualificación, material permitido, etc. Por favor, leo atentamente con antelación, para evitar sorpresas. E lembra que unha mesma materia pode ter tipos de exames distintos (p. ex., desenvolvemento en convocatoria normal, tipo test en reserva).

Por outra parte, **é esencial que leas detidamente o enunciado e instrucións do exame.** Nel atoparás toda a información precisa para realizar o teu exame, incluíndo a

hora máxima de entrega, o material autorizado, etc.
<p>7. Como podo consultar a normativa reguladora das probas presenciais da UNED? Tes á tuá disposición o Regulamento de Probas Presenciais na web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > documentos relacionados).</p>
<p>8. Como podo consultar ás miñas notas? A través de internet. Debes acceder ao Campus Estudiante (www.uned.es) coas túas claves de alumno. Se tes dúbidas, consulta o vídeo coas instrucións que che facilitamos na web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > Consulta de cualificacións).</p>
<p>9. E se non sae a miña nota? Dende a data de publicación das cualificacións nos correspondentes sistemas informáticos, o estudante dispón dun prazo de 10 días naturais para reclamar por escrito, ante el equipo docente respectivo, a inclusión da súa nota se, eventualmente, esta foi omitida na información proporcionada por tales sistemas (art. 88 do Regulamento de Probas Presenciais vixente).</p>
<p>10. Como podo plantexar unha reclamación sobre unha cualificación? Os alumnos dispoñen dun prazo de 7 días dende a publicación das notas para cursar a reclamación, que debe dirixirse ao equipo docente da materia ou ao Departamento ao que pertence esta. Podes acceder a un modelo del formulario de revisión de exames na web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > Solicitud de revisión de exames).</p>
<p>E LEMBRA: tes á túa disposición a Guía sobre cómo examinarse na UNED na web do Centro Asociado (www.acoruna.uned.es > Son alumno > Exames > Como examinarse. Guía).</p>